

O xénero dramático

O teatro é un xénero literario pensado para ser representado por uns actores diante dun público. Os textos teatrais inclúen tanto as palabras que din os personaxes como as indicacións que se dan para a súa representación, chamadas **anotacións**. Estas refírense ao decorado da **escena**, á caracterización dos **personaxes**, aos **movementos** dos actores, etc.

O texto teatral divídese nas seguintes partes:

Actos: Son as **grandes partes nas que se divide a acción**, adoitan ser tres ou cinco.

Cadros: Son partes dentro dun acto nas que se **mantén un mesmo decorado**.

Escenas: Son partes nas que **actúan os mesmos personaxes**, se entra ou sae un personaxe, cambia a escena.

Podemos dividir as obras teatrais en **tres grandes subxéneros**: a **comedia**, a **traxedia** e o **drama**.

A **comedia** caracterízase polo **humor**, está feita para divertir aínda que adoita presentar algún tipo de **crítica social**.

A **traxedia** trata temas **serios**, ten un **final desgraciado** e ten como finalidade conmoer.

O **drama** mestura **situacións tráxicas**, con **elementos realistas e cómicos**.